

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

PROMOCIÓN PROFESIONAL TEMPORAL



QUEN PODE ACCEDER?

O persoal estatutario fixo do SERGAS poderá acceder a nomeamentos temporais mediante a quenda de promoción profesional sempre que:

- ▶ Sexa persoal estatutario fixo do SERGAS en servizo activo.
- ▶ Pertenza a unha categoría ou especialidade de nivel académico igual ou inferior á que opta.
- ▶ Posúa a titulación requirida para a nova categoría (agás excepcións previstas na normativa).

DÚAS OPCIONS PARA AS PERSOAS QUE CUMPREN OS REQUISITOS

1. Permanecer na QUENDA LIBRE

As persoas que cumpran os requisitos para promoción profesional poden decidir seguir na quenda libre.

Neste caso:

- ✔ Recibirán ofertas de contratación temporal segundo a súa posición na lista da quenda libre.
- ✔ Poderán optar a todos os vínculos, independentemente da súa duración.
- ⚠ Se aceptan e formalizan o nomeamento, pasarán á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público respecto da súa praza fixa de orixe (perda do destino).

2. QUENDA DE PROMOCIÓN PROFESIONAL TEMPORAL

As persoas que opten por esta modalidade:

- ✔ Recibirán ofertas específicas da quenda de promoción profesional temporal.
- ✔ Durante o período transitorio, a orde de prelación determinarase segundo a posición que lles corresponda na listaxe de indisponibilidade de aspirantes.
- ✔ Os nomeamentos formalizaranse en réxime de promoción profesional temporal.
- ✔ Manterán a situación de servizo activo na súa praza fixa de orixe (reserva da praza).



PRIMEIRA RENUNCIA SEN PENALIZACIÓN

- ▶ A primeira renuncia a un nomeamento ofertado **fóra da localidade** onde radica o centro de destino do/a profesional **non terá penalización**.

⚠ A exención só se aplica á primeira renuncia.



CAMBIO DE DESTINO E CONTINUIDADE NAS LISTAS

O persoal estatutario fixo que xa figuraba nunha lista de promoción interna e obteña un novo destino mediante:

- Concurso de traslados.
- OPE pola quenda de Promoción interna.

Poderá solicitar a súa inclusión nas listas de promoción interna temporal do novo distrito sanitario.

Como facelo?

- ✔ Durante o prazo de toma de posesión do novo destino.
- ✔ Na mesma categoría na que xa figuraba inscrito/a.
- ⚠ O cambio terá efectos ao remate do prazo de toma de posesión.